

Concurso Cartaz : CinEOI Coruña Curtas 2014

Os **Equipos de Dinamización da Lingua Galega** da Escola Oficial de Idiomas da Coruña e de Santiago de Compostela convocan o Concurso de cartaces para anunciar o festival de curtametraxes CinEOI Coruña Curtas 2014.

Pode participar o alumnado dos seguintes centros educativos:

- Escola Oficial de Idiomas da Coruña e as súas extensións
- Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela e as súas extensións

Bases do concurso:

I. TÉCNICA: libre (lapis, tinta, grafito, colaxe, relevo, ilustración dixital, etc.), tendo en conta que debe permitir a súa lexibilidade, reprodución e impresión e que, de feito, ten que ser entregado en **formato dixital**.

II. Deberán poder incluír os logos dos diferentes organizadores e/ou colaboradores e a información dispoñíbel no web a tal efecto

III. TEMA: libre, mais **deberá aparecer o elemento do cinema ou comunicación audiovisual** .

IV. IDIOMA: **galego**.

2. Cada concursante poderá presentar un só traballo, que entregará a través do enderezo electrónico **endl.corunha@gmail.com** ou na conserxería da EOI da Coruña ; indicando nun arquivo adxunto o nome do autor, centro, curso e profesor/a e enderezo electrónico.

3. A data límite para a entrega das obras será o **30 de decembro de 2013**.

4. O xurado estará composto por membros dos **EDLG** dos centros participantes e terá en conta a creatividade e a relación co tema proposto.

5. **Premios**: un xurado formado por membros dos equipos de normalización dos distintos centros concederá **2 premios**:

1º premio: 70€ (Vale para tenda de material informático, audiovisual e libros)

2º premio: reprodutor mp3

O xurado poderá declarar desertos todos ou algún dos premios se non se acadase unha calidade axeitada

6. Os traballos premiados serán empregados para publicitar o Festival CinEOI Coruña Curtas 2014 e os gañadores ceden todos os dereitos aos organizadores e poderán ter que facer algunha pequena modificación nas lendas ou informacións segundo necesidades da organización

7. A participación neste concurso supón a aceptación destas bases.

Organizan:

